

# PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO



REVISIÓN Nº : 2  
DATA: 3/12/2019

DATA APROBACIÓN POLO CLAUSTRO: 3/12/2019

DATA APROBACIÓN POLO CONSELLO: 3/12/2019

DATA 1ª REVISIÓN: 26/01/2016

DATA 2ª REVISIÓN: 3/12/2019

**Este documento intégrase no Proxecto Educativo.**

Anualmente, elaborárase unha addenda do proxecto lingüístico na cal conste:

1. Nos centros que imparten educación infantil, os resultados da pregunta aos pais, nais, titores/as ou representantes legais do alumnado para obter información respecto da lingua materna predominante entre o alumnado, e as actividades e estratexias de aprendizaxe para que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento das linguas oficiais.
2. En todos os centros en que haxa unha modificación na impartición de materias en lingua(s) estranxeira(s), información sobre os cambios aprobados polo centro e autorizados pola consellería competente en materia de educación.
3. Valoración dos programas e actividades para o fomento da lingua galega realizados no curso anterior.
4. Información sobre os programas e actividades que se desenvolverán no curso seguinte.
5. Propostas de mellora para o curso seguinte.

**Esta addenda entregárase xunto coa PXA.**

## TÁBOA DE CONTIDO

1. INTRODUCCIÓN.....	3
2. CONTEXTO SOCIOLINGÜÍSTICO.....	3
3. OBXECTIVOS XERAIS PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA.....	8
4. LIÑAS DE ACTUACIÓN PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA.....	10
5. DECISIÓN DO CENTRO EDUCATIVO RESPECTO DA LINGUA EN QUE SE IMPARTIRÁN AS MATERIAS DE EDUCACIÓN PRIMARIA, EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA E BACHARELATO	11
6. EXENCIONS.....	11
A. PROCEDEMENTOS DE SOLICITUDE (ORDE 10/2/14).....	11
B. MATERIAIS E RECURSOS ESPECÍFICOS.....	12
C. MEDIDAS ADOPTADAS PARA QUE O ALUMNADO QUE NON TEÑA O SUFICIENTE DOMINIO DAS LINGUAS POIDA SEGUIR CON APROVEITAMENTO AS ENSINANZAS QUE SE LLE IMPARTEN (PRIMARIA, SECUNDARIA E BACHARELATO).....	13
7. PROCEDEMENTOS QUE ASEGURAN QUE O ALUMNADO ACADA A COMPETENCIA LINGÜÍSTICA PROPIA DO NIVEL EN AMBAS AS DÚAS LINGUAS OFICIAIS (FORMACIÓN PROFESIONAL ESPECÍFICA, ENSINANZAS ARTÍSTICAS E DEPORTIVAS, E ENSINANZA DE PERSOAS ADULTAS).....	14
8. MEDIDAS DE COORDINACIÓN ENTRE AS MATERIAS DE LINGUAS IMPARTIDAS NO CENTRO. IMPARTICIÓN DO CURRÍCULO INTEGRADO DAS LINGUAS.....	14
9. EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DE LINGUA GALEGA.....	15
A. COMPOSICIÓN.....	15
I. PROFESORADO.....	15
II. ALUMNADO.....	15
III. PERSOAL NON DOCENTE.....	15
B. FUNCIONS.....	15
I. COORDINADOR/A.....	16
II. EQUIPO.....	16
10. PROGRAMAS E ACTIVIDADES PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA.....	17
11. PLURILINGÜISMO.....	21
A. PROGRAMAS ESPECÍFICOS DE ATENCIÓN AO ALUMNADO (CON NEAE).....	21
B. SECCIÓNS BILINGÜES.....	21
C. CENTROS PLURILINGÜES.....	22
12. AVALIACIÓN.....	22
13. CERTIFICACIÓN DA SÚA APROBACIÓN.....	22

## 1. INTRODUCCIÓN

A presente proposta para a planificación lingüística, segue os obxectivos marcados pola Lei, decretos e instrucións que a continuación se relacionan:

- **Lei de Normalización lingüística.** Lei 3/1983, do 15 de xuño, de Normalización Lingüística (DOG 14/07/83).
- **Decreto de plurilingüismo.** Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galiza (DOG 25/05/2010).
- **Instrución para a aplicación do Decreto 79/2010,** do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, tras os pronunciamentos das sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia sobre este.
- **Exención lingua galega.** Orde do 10 de febreiro de 2014 pola que se desenvolve o Decreto 79/2014, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non Universitario de Galicia, con relación á exención da materia de lingua galega.

## 2. CONTEXTO SOCIOLINGÜÍSTICO

### 2.1 Situación do contexto sociolingüístico do centro.

O CEIP de Figueiroa acolle alumnos e alumnas procedentes dos seguintes ámbitos:

- Das 15 parroquias do ámbito rural do Concello da Estrada e que orixinariamente se concentraron no centro no momento da súa posta en funcionamento.
- Completan a matrícula alumnos e alumnas residentes no casco urbán da vila ou, nun mínimo número, procedentes doutras zonas do rural, sen dereito a transporte.
- O número de alumnos e alumnas procedentes doutras culturas é moi reducido.

En canto á inmersión na lingua galega, faremos as seguintes consideracións xerais:

- Un 37 % dos alumnos/as viven no rural e a maioría teñen contacto permanente co galego no seu ámbito familiar, agás excepcións pouco significativas.
- Outra parte importante do alumnado (46,5 %) vive na vila, pero mantense vencellada co medio rural

orixinario dos seus pais e vese favorecido por unha moderada transmisión lingüística xeracional, aínda que isto vai esmorecendo.

- Unha parte menor dos alumnos/as que viven na vila sen referencia algunha co rural, son tamén galego falantes e teñen inmersión familiar en galego, froito do aumento do uso do galego experimentado en anos anteriores, por exemplo no ámbito do comercio.
- Hai tamén un número menos significativo de alumnos/as que non teñen ningún tipo de inmersión en galego fóra da esola, xa que o seu entorno familiar e social é íntegramente castelán. Unha parte reducida desta matrícula está formada por nenos/as fillos de inmigrantes, ben de fóra de Galicia ou tamén de fóra do estado e que manteñen como lingua habitual o castelán.
- Independentemente destes condicionantes sociais que inciden na inmersión, no ámbito familiar dos alumnos/as, fálase ou ben so galego (38 %), ou máis galego ca outra lingua (29 %).
- Non obstante, esta inmersión familiar non se traduce nunha valoración proporcional da importancia da transmisión xeracional de pais a fillos/as, como se reflicte na resposta á afirmación: *“O máis importante é falarlo sempre ós nosos fillos/as”*.
- Resulta tamén contradictorio con esta resposta o feito de afirmar nun 92 % que *“O galego é a nosa lingua propia”*.
- Tamén se traduce unha diglosia persistente, das porcentaxes á afirmación: *“O castelán é a lingua mellor para a universidade, os negocios...”*.
- Resumindo os resultados xerais, podemos afirmar que estamos diante dunha situación lingüística favorable cunha presenza importante do galego, pero con pouca conciencia de pertenza a un corpus lingüístico que quere reivindicar coa súa conduta, a valoración práctica da súa lingua e a pervivencia cara o futuro.
- A cuantificación dalgúns destes datos están contidos a continuación no rexistro da enquisa sociolingüística que se pasou a nivel interno do centro ás familias.

## 2.2. Situación do sector do profesorado.

Todo o profesorado do centro está en posesión da titulación ou habilitación necesaria para impartir en galego as áreas que figuran no PLC. Aínda que o grao de concienciación respecto ó problema lingüístico é diverso, todo o claustro colabora activamente nas iniciativas propostas polo equipo de dinamización lingüística e cantas proveñan doutras instancias tanto do centro como de orixe externa encamiñadas a fomentar o uso da lingua, a creación literaria dos alumnos/as...




## 2.3. Situación do sector do alumnado

Recolleremos os datos reflectidos pola enquisa interna nun modelo que pretende ir recollendo, curso tras curso, a evolución lingüística ata o última nivel de Educación primaria:

- Alumnos/as galego falantes..... 216 (54%)
- Alumnos/as castelán/falantes..... 144 (35%)
- Alumnos/as bilingües/non definidos/as... 48 (11%)


TOTAL ALUMNOS/AS REXISTRADOS..... 408 (100%)

### RESULTADOS DA ENQUISA SOCIOLINGÜÍSTICA




### LINGUA QUE SE FALA NA CASA






- Máis castelán que galego
- Castelán e galego por igual
- Só castelán
- Galego e outro lingua diferente do castelán
- Castelán e outra lingua diferente do galego
- Máis galego ca castelán
- Só en galego











### LINGUA QUE SE FALA NA CASA



OPINIÓN SOBRE...







### 3. OBXECTIVOS XERAIS PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA

Coa elaboración e posta en práctica do presente “Proxecto Lingüístico” pretendemos acadar os seguintes obxectivos:

- Empregar a lingua galega como medio de comunicación habitual nas relacións entre profesores, alumnos, pais e demais membros da Comunidade Educativa.
- Facer da opción lingüística un medio de expresión derivado de decisións persoais, alleo a ideoloxías políticas e que fomente o respecto mutuo.
- Dar a coñecer ao alumnado a variedade da cultura galega: costumes, tradicións, lendas, historia, folclore, gastronomía, celebracións e festas...
- Superar a discriminación social, individual ou colectiva derivada da infravaloración da lingua galega en algúns sectores sociais ata lograr a normalización plena do seu emprego.
- Coñecer e valorar as variedades lingüísticas do galego como un elemento enriquecedor da lingua e non como un defecto.
- Lograr que as relacións, tanto orais como escritas, entre o centro, o entorno (pais, nais, institucións, ANPA...) e mesmo outros colexios de Galicia, se desenvolvan en lingua galega.
- Fomentar entre o profesorado e alumnado a cooperación e participación nas actividades que contribúen ao espallamento da cultura galega.
- Ampliar o coñecemento e enriquecemento do vocabulario e as diferentes variantes dialectais.
- Introducir o uso da lingua galega nos novos recursos tecnolóxicos e informáticos.
- Acadar paulatinamente competencias lingüísticas básicas nos alumnos sen dominio lingüístico nas linguas oficiais, de xeito que poidan seguir con aproveitamento as ensinanzas que se lle impartan.

- Espertar no alumnado unha defensa activa da súa lingua nai.

Fomentar a creatividade e a lectura en lingua galega.

#### 4. LIÑAS DE ACTUACIÓN PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA

- Velar polo compromiso de que todos os comunicados se realicen en lingua galega.
- Manter vivas as tradicións con celebracións como “Magosto”, “Samaín”, “Entroido”, “O Apalpador”...
- Elaboración de unidades didácticas e outro material multimedia en Galego.
- Campañas de fomento dos xogos tradicionais galegos: billarda, trompos, mariola...
- Asistencia a actividades culturais que contribúan á promoción da nosa lingua.
- Visitas culturais: parques etnográficos, castros, museos, portos, vilas... e outras instalacións que se signifiquen pola defensa e promoción da cultura galega.
- Intercambios con outros centros de ensino de Galicia de contornas diferentes á nosa, por exemplo dunha zona costeira, para contactar con rapaces que teñan unha realidade sociolingüística diferente.
- Organización de certames de poesía, pintura, narrativa, ensaio,... en lingua galega.
- Mantemento da páxina web, blogs... elaborados na súa totalidade en galego.
- Procurar a provisión de fondos bibliográficos e fonográficos en lingua galega.
- Fomentar o hábito lector en galego a través dun club de lectura.
- Solicitar axudas económicas para actividades que promoven o fomento do idioma galego.

- Fomentar a coordinación entre os equipos para que potencien o uso do idioma nun mesmo ámbito sectorial e con accións concretas e eficaces.
- Animar aos equipos do centro para que a súa acción incida sobre a súa contorna.
- Fomentar a relación cos coordinadores de EDLG dos centros da zona para a realización de actividades conxuntas.

## 5. DECISIÓN DO CENTRO EDUCATIVO RESPECTO DA LINGUA EN QUE SE IMPARTIRÁN AS MATERIAS DE EDUCACIÓN PRIMARIA, EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA E BACHARELATO

PRIMARIA	1º EP		2º EP		3º EP		4º EP		5º EP		6º EP	
	H	LI	H	LI	H	LI	H	LI	H	LI	H	LI
MATERIA												
CIENCIAS NATURAIS	2	G	2	G	2	G	2	G	2	G	2	G
CIENCIAS SOCIAIS	3	G	2	G	3	G	2	G	2	G	3	G
EF	2	C	2	C	2	C	2	C	2	C	2	C
LINGUA CASTELA	4	C	4	C	4	C	4	C	4	C	3	C
1ª LINGUA ESTRANXEIRA	2	ING	2	ING	3	ING	3	ING	3	ING	3	ING
LIGUA GALEGA	4	G	4	G	4	G	4	G	4	G	3	G
MATEMÁTICAS	5	C	5	C	4	C	4	C	5	C	5	C
MÚSICA	1	G	1	G	1	G	1	G	1	G	1	G
PLÁSTICA	1	G	1	G	1	ING	1	G	1	ING	1	G
RELIXIÓN/VALORES ÉTICOS	1	G	2	G	1	G	1	G	1	G	1	G
LIBRE CONFIGURACIÓN							1	C			1	C
CASTELÁN (%)	44		44		40		44		44		44	
GALEGO (%)	48		48		48		44		40		44	

## 6. EXENCIÓNS

O alumnado procedente doutras comunidades autónomas ou dun país estranxeiro que se incorpore ao sistema educativo en Galicia no 3º ciclo de educación primaria poderá obter unha exención temporal da cualificación das probas de avaliación da materia de lingua galega durante un máximo de dous cursos escolares consecutivos.

### A. PROCEDEMENTOS DE SOLICITUDE (ORDE 10/2/14)

1. A solicitude da exención da materia de lingua galega deberá presentarse en soporte papel por calquera dos medios establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de

régime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, para o que se utilizará o formulario normalizado que figura como anexo desta orde.

A referida solicitude irá asinada polo alumno ou pola alumna solicitante, polo seu pai/nai/titor/titora ou pola persoa que teña a súa representación legal, se é menor de idade, e nela exporanse as razóns polas que se solicita a exención.

2. A solicitude dirixirase á persoa titular da Dirección do centro docente onde o alumno ou a alumna curse os seus estudos.
3. Se a solicitude é presentada por algunha das persoas proxenitoras do menor ou da menor solicitante, xunto coa solicitude achegarase o documento acreditativo da representación alegada.
4. A exención solicitarase para cada ano académico de permanencia na Comunidade Autónoma de Galicia e os seus efectos limitaranse ao citado ano, sen que se poidan conceder máis de dous cursos escolares, conforme o previsto no artigo 3 da presente orde.
5. O prazo de presentación da solicitude empezará o 1 de setembro de cada ano e rematará o 5 de outubro de cada ano para o alumnado dos centros de educación primaria.
6. Cando se trate dun alumno ou alumna con traslado de matrícula viva, procedente dun centro doutra comunidade autónoma ou do estranxeiro, o prazo de presentación da solicitude será de vinte días seguintes á incorporación da persoa interesada ao novo centro.
7. Os centros docentes públicos dependentes da consellería con competencia en materia de educación resolverán sobre a concesión ou a denegación da exención, no prazo máximo de dez días hábiles a partir da presentación da documentación complete.
8. A resolución da exención poderá ser impugnada mediante o recurso de alzada, no prazo dun mes, ante a persoa titular da xefatura territorial correspondente da consellería con competencias en materia de educación, e poralle fin á vía administrativa.

## **B. MATERIAIS E RECURSOS ESPECÍFICOS**

## 1. HUMANOS

- Profesorado do centro.
- Colaboración con:
- Concellería de Educación, Cultura e Normalización Lingüística do concello da Estrada.
- Secretaria Xeral de Política Lingüística.
- Outros centros educativos da zona e outros equipos de dinamización da lingua galega.

## 2. MATERIAIS

- Biblioteca escolar: dicionarios variados, libros de lectura, libros de consulta, enciclopedias, aula audiovisual...
- Bibliotecas de aula.
- Ordenador, proxector e pantallas con conexión a internet en todas as aulas de primaria e E. Infantil.
- Aula de informática con vinte ordenadores e con conexión a Internet, canón, encerado dixital...
- Fotocopiadora e plastificadora.
- Taboleiro de anuncios.
- Material achegado por distintas institucións sobre dinamización e normalización lingüística e promoción da lingua e cultura galega.
- Portal da lingua galega: <https://www.lingua.gal/o-galego/promovelo/equipos-de-dinamizacion-da-lingua-galega/recursos-didacticos>.
- O Portal: <https://www.ogalego.eu>.

### **C. MEDIDAS ADOPTADAS PARA QUE O ALUMNADO QUE NON TEÑA O SUFICIENTE DOMINIO DAS LINGUAS POIDA SEGUIR CON APROVEITAMENTO AS ENSINANZAS QUE SE LLE IMPARTEN (PRIMARIA, SECUNDARIA E BACHARELATO)**

O alumnado terá que asistir ás aulas como medio de integración lingüística e coa finalidade de que co seu esforzo persoal, con materiais didácticos específicos e cunha axuda continua do seu profesorado poida ter, ao remate do prazo da exención, un dominio adecuado da lingua galega e seguir

as ensinanzas propias do nivel en que estea ou en que vaia matricularse, en igualdade de condicións ca os demais compañeiros ou compañeiras da clase.

O incumprimento por parte do alumno ou da alumna do establecido no punto anterior determinará a revogación da exención, logo dos informes pertinentes e unha vez oída a persoa interesada ou, de ser o caso, os seus proxenitores, titores ou representantes legais.

A revogación ou denegación da exención producirán como efecto para o alumnado a obriga de ser cualificado nas avaliacións parciais e finais ao final do curso en que se atope.

Nos respectivos documentos oficiais de avaliación farase constar a exención concedida e, de ser o caso, a posible revogación e a conseguinte cualificación.

## **7. PROCEDIMENTOS QUE ASEGURAN QUE O ALUMNADO ACADA A COMPETENCIA LINGÜÍSTICA PROPIA DO NIVEL EN AMBAS AS DÚAS LINGUAS OFICIAIS (FORMACIÓN PROFESIONAL ESPECÍFICA, ENSEINANZAS ARTÍSTICAS E DEPORTIVAS, E ENSEINANZA DE PERSOAS ADULTAS)**

Non Procede.

## **8. MEDIDAS DE COORDINACIÓN ENTRE AS MATERIAS DE LINGUAS IMPARTIDAS NO CENTRO. IMPARTICIÓN DO CURRÍCULO INTEGRADO DAS LINGUAS.**

No CAPÍTULO III, art. 15, punto 9 do DECRETO 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, contéplase que no proxecto lingüístico do centro concretarase as medidas tomadas para a impartición do currículo integrado das linguas: “Os centros docentes impartirán de xeito integrado o currículo de todas as linguas da súa oferta educativa, co fin de favorecer que todos os coñecementos e as experiencias lingüísticas do alumnado contribúan ao desenvolvemento da súa competencia comunicativa plurilingüe. No proxecto lingüístico do centro concretarase as medidas tomadas para a impartición do currículo integrado das linguas. Estas medidas incluírán, polo menos, acordos sobre criterios metodolóxicos básicos de actuación en todas as linguas, acordos sobre a terminoloxía que se vaia empregar, e o tratamento que se lles dará aos contidos, aos criterios de avaliación e aos estándares de aprendizaxe similares nas distintas áreas lingüísticas, de xeito que se evite a repetición dos aspectos comúns á aprendizaxe de calquera lingua”.

Para dar cumprimento ao anterior, os mestres/as de lingua castelán, galega, inglesa e (francesa se a houberse) que imparten nos distintos niveis, traballarán xuntos e coordinaranse no traballo das catro destrezas básicas, procurando a utilización da mesma terminoloxía, evitando redundancias á hora de explicar e procurando que o alumnado sexa o máis competente posible en todas elas.

## 9. EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DE LINGUA GALEGA

### A. COMPOSICIÓN

#### I. PROFESORADO

En sesión ordinaria do claustro de profesores celebrado o día 3 de setembro aprobouse a constitución do equipo cos membros que a continuación se relacionan:

- **Equipo Directivo:** D. José Manuel Reboredo Baños.
- **4º EI:** Dna. Rosa María Luna Sanmartín.
- **5º EI:** Dna. María Troitiño Cachafeiro.
- **6º EI:** Dna. Carmen Sánchez Rey (Coordinadora).
- **1º Nivel EP:** Dna. M<sup>a</sup> Isabel Novás Ferrín.
- **2º Nivel EP:** Dna. Helena Villar Rosende.
- **3º e 4º Nivel EP:** Dna. M<sup>a</sup> Celestina Tato Campos.
- **5º Nivel EP:** Dna. María Troitiño Goldar.
- **6º Nivel EP:** Dna. Lorena Lijó Villanustre.

CALENDARIO DE REUNIÓN: Terceiro martes de cada mes, de 18:00 h. a 19:00 h.

#### II. ALUMNADO

- Non corresponde

#### III. PERSOAL NON DOCENTE

- D. Rafael Manuel Cardona Constenla

### B. FUNCIONES



## I. COORDINADOR/A

Son competencia do coordinador/a:

- a) Colaborar na elaboración dos proxectos curriculares de etapa.
- b) Responsabilizarse da redacción dos planos que han de ser propostos á comisión de coordinación pedagóxica.
- c) Convocar e presidir as reunións do equipo.
- d) Responsabilizarse da redacción das actas de reunión, así como da redacción da memoria final de curso, na que se fará unha avaliación das actividades realizadas que se incluírá na memoria do centro.
- e) Proporcionarlles ós membros da comunidade educativa información sobre as actividades do equipo e de todos aqueles actos e institucións culturais relacionados coa realidade galega.

## II. EQUIPO

É competencia do equipo de normalización lingüística:

1. Presentar, a través do claustro, propostas ó equipo directivo para a fixación dos obxectivos de normalización lingüística que se incluírán no proxecto educativo de centro.
2. Propoñer á comisión de coordinación pedagóxica, para a súa inclusión no proxecto curricular, o plan xeral para o uso do idioma, no cal se deberá especificar, cando menos:
  - a) Medidas para potenciar o uso da lingua galega nas actividades do centro.
  - b) Proxectos tendentes a lograr unha valoración positiva do uso da lingua propia e a mellorar a competencia lingüística dos membros da comunidade educativa.
3. Propoñerlle á comisión de coordinación pedagóxica, para a súa inclusión no proxecto curricular, o plan específico para potenciar a presenza da realidade galega, cultura,

historia, xeografía, economía, etnografía, lingua, literatura, arte, folclore, etc. no ensino.

4. Elaborar e dinamizar un plan anual de actividades tendentes á consecución dos obxectivos incluídos nos plans anteriores.
5. Presentar para a súa aprobación no consello escolar o orzamento de investimento dos recursos económicos dispoñibles para estes fins.
6. Aqueloutras funcións que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria contemple na súa normativa específica.

## 10. PROGRAMAS E ACTIVIDADES PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA

1. CONMEMORACIÓN	
OBXECTIVOS	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Reflexionar sobre temas de actualidade, de respecto polo dereitos humanos e de conservación do medio, usando como lingua oral nos seus debates a lingua galega.</li> <li>2. Elaborar materiais diversos relacionados coas conmemoracións respectivas en lingua galega (redaccións, comics, murais, cancións...).</li> <li>3. Expresar oral e graficamente ideas sobre as conmemoracións respectivas e as súas repercusións.</li> <li>4. Aumentar o gusto pola lectura.</li> </ol>
CONTEXTO	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Incluídas no PAC (Plan Anual de Centro).</li> </ul>
ACCIÓNS	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Día Internacional contra a violencia de xénero.               <ul style="list-style-type: none"> <li>➤ Día da Constitución e o Estatuto de Autonomía de Galicia.</li> <li>➤ Día da Paz.</li> <li>➤ Semana da Prensa.</li> <li>➤ Semana do libro.</li> <li>➤ Semana das Letras Galegas.</li> <li>➤ Día Mundial do Medio Ambiente.</li> </ul> </li> </ol>
PARTICIPANTES	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Todos os alumnos/as do centro.</li> <li>• Todo o profesorado.</li> <li>• Persoas externas ao centro: contacontos, escritores, relatores...</li> </ul>
TEMPORALIZACIÓN	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. 25 de novembro.</li> <li>2. Do 2 ao 9 de decembro.</li> <li>3. 30 de xaneiro.</li> <li>4. Do 9 ao 13 de marzo.</li> <li>5. Do 20 ao 24 de abril.</li> <li>6. Do 1 ao 15 de maio.</li> <li>7. 5 de xuño.</li> </ol>
LUGAR	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Salón de Usos Múltiples.</li> <li>• Aulas.</li> <li>• Biblioteca.</li> <li>• Patio exterior.</li> </ul>

RECURSOS/MATERIAIS	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Cámara video e fotografía.</li> <li>• Papelería.</li> <li>• Ordenadores.</li> <li>• Proxectores.</li> <li>• Fotocopias.</li> <li>• Libros e revistas.</li> <li>• Etc.</li> </ul>
IMPACTO	<ul style="list-style-type: none"> <li>• En toda a comunidade escolar (participan todos os alumnos/as).</li> </ul>

<b>2. FESTAS TRADICIONAIS</b>	
OBXECTIVOS	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Comprender a importancia de manter as tradicións de Galicia.</li> <li>2. Elaborar materiais diversos relacionados coas festas tradicionais, utilizando a lingua galega.</li> <li>3. Elaborar redaccións, comics, murais, cancións...</li> <li>4. Expresar oral e graficamente ideas sobre as festas populares, as súas orixes e repercusións.</li> <li>5. Participar con poesías, cantos, bailes, contos... en lingua galega ante pequenos e grandes grupos.</li> <li>6. Participar na páxina web do Colexio con producións referidas a estas festas.</li> </ol>
CONTEXTO	<ul style="list-style-type: none"> <li>• De gran tradición no noso centro desde a súa arixe.</li> <li>• Incluídas no PAC (Plan Anual de Centro).</li> </ul>
ACCIÓNS	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Magosto.</li> <li>2. Samaín.</li> <li>3. Nadal.</li> <li>4. Entroido.</li> </ol>
PARTICIPANTES	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Todo o alumnado.</li> <li>• Todo o profesorado.</li> <li>• Familias dos nenos e nenas como receptores (Festival do Entroido).</li> </ul>
TEMPORALIZACIÓN	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. 30 de outubro.</li> <li>2. Do 28 ao 30 de outubro.</li> <li>3. 20 de decembro.</li> <li>4. 21 de febreiro.</li> </ol>
LUGAR	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Salón de Usos Múltiples.</li> <li>• Aulas.</li> <li>• Corredores planta baixa do centro.</li> <li>• Pavillón de deportes.</li> <li>• Patio exterior.</li> </ul>
RECURSOS/MATERIAIS	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Cámara video e fotografía.</li> <li>• Papelería.</li> <li>• Ordenadores.</li> <li>• Proxectores.</li> <li>• Fotocopias.</li> <li>• Libros e revistas.</li> <li>• Etc.</li> </ul>
IMPACTO	<ul style="list-style-type: none"> <li>• En toda a comunidade escolar (participan todos os alumnos/as).</li> </ul>

<b>3. REVISTA ESCOLAR</b>	
OBXECTIVOS	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Continuar elaborando unha das canles de comunicación do Colexio.</li> </ol>

	2. Reflected dun xeito breve os logros conseguidos ao longo do curso escolar.
CONTEXTO	<ul style="list-style-type: none"> <li>• De gran tradición no noso centro desde a súa arixe.</li> <li>• Incluída no PAC (Plan Anual de Centro).</li> <li>• Aportacións da ANPA.</li> </ul>
ACCIÓNS	1. Elaboración da revista "CANDEAS" con 100 páxinas nas que se reflicte o traballo realizado ao longo do curso.
PARTICIPANTES	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Todo o alumnado.</li> <li>• Todo o profesorado.</li> <li>• Familias dos nenos e nenas como receptores.</li> </ul>
TEMPORALIZACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Entrega de materiais: ata o 01-05.</li> <li>• Maquetación: ata o 31-05.</li> <li>• Imprenta: 01-06.</li> <li>• Reparto: día de entrega de notas.</li> </ul>
LUGAR	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Aulas.</li> </ul>
RECURSOS/MATERIAIS	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Todos os recursos do centro.</li> </ul>
IMPACTO	<ul style="list-style-type: none"> <li>• En toda a comunidade escolar (participan todos os alumnos/as).</li> <li>• En toda a Comunidade Educativa (familias, institucións, organismos...</li> </ul>

#### 4. REPRESENTACIÓNS TEATRAIS

OBXECTIVOS	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Representar diferentes dramatizacións de contos, e de obras de teatro, segundo o seu nivel.</li> <li>2. Vocalizar e entoar con xeito, segundo o personaxe e a situación que representen.</li> <li>3. Moverse no escenario con graza e soltura.</li> <li>4. Memorizar os textos que representen.</li> <li>5. Deshinbirse na presentación diante do público.</li> <li>6. Confeccionar os escenarios precisos.</li> <li>7. Representar algunha produción para outras comunidades.</li> </ol>
CONTEXTO	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Incluídas no PAC (Plan Anual de Centro).</li> </ul>
ACCIÓNS	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Creación e representación de obras de teatro sinxelas.</li> <li>• Representación dunha obra para exportar a outras comunidades escolares.</li> </ul>
PARTICIPANTES	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Toda a comunidade escolar.</li> </ul>
TEMPORALIZACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Ao longo do curso escolar.</li> </ul>
LUGAR	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Salón de Usos Múltiples.</li> <li>• Aulas.</li> </ul>
RECURSOS/MATERIAIS	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Murais.</li> <li>• Diferentes ornamentos para a vestimenta dos personaxes.</li> <li>• Micrófonos.</li> <li>• Libros para a biblioteca de textos dramáticos.</li> <li>• Teas, complementos para as representacións.</li> </ul>
IMPACTO	<ul style="list-style-type: none"> <li>• En toda a comunidade escolar.</li> <li>• Noutras comunidades.</li> </ul>

#### 5. PÁXINA WEB

OBXECTIVOS	1. Utilizar a lingua galega en todas as situacións comunicativas.
------------	---

	<ol style="list-style-type: none"> <li>Potenciar a lingua galega en todas as actividades do centro.</li> <li>Comunicarse en lingua galega con nenos e nenas doutros centros educativos ao través das TIC.</li> </ol>
CONTEXTO	<ul style="list-style-type: none"> <li>Incluídas no PAC (Plan Anual de Centro).</li> </ul>
ACCIÓNS	<ul style="list-style-type: none"> <li>Actualización da páxina web do colexio.</li> </ul>
PARTICIPANTES	<ul style="list-style-type: none"> <li>Equipo directivo (mantemento).</li> <li>Dinamizador/a das TICs.</li> </ul>
TEMPORALIZACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> <li>Ao longo do curso escolar.</li> </ul>
RECURSOS/MATERIAIS	<ul style="list-style-type: none"> <li>Ordenadores do Colexio.</li> <li>Cámara fotográfica.</li> <li>Diferente software.</li> </ul>
IMPACTO	<ul style="list-style-type: none"> <li>En toda a comunidade escolar.</li> <li>Noutras comunidades.</li> </ul>

## 6. EXPOSICIÓNS

OBXECTIVOS	<ol style="list-style-type: none"> <li>Observar as características dos diferentes períodos do ano en Galicia.</li> <li>Reflexionar sobre a problemática xeral do medio.</li> <li>Dar a coñecer temas relacionados co PDI anual de centro.</li> <li>Ler en lingua galega todo tipo de mensaxes.</li> <li>Falar en lingua galega sobre temas relacionados con todas as áreas do currículo.</li> <li>Respectar e valorar o traballo dos nosos antergos.</li> </ol>
CONTEXTO	<ul style="list-style-type: none"> <li>Incluídas no PAC (Plan Anual de Centro).</li> </ul>
ACCIÓNS	<ul style="list-style-type: none"> <li>Expoñer temática relacionada coa alimentación saudable (pirámide alimentaria).</li> <li>Expoñer cabazas (Samaín).</li> <li>Expoñer traballos centrados no Nadal.</li> <li>Expoñer un gran mural adicado á Paz.</li> <li>Expoñer máscaras de entroido.</li> <li>Exposición de libros galegos coa colabaoración das librarías da Estrada.</li> <li>Expoñer murais sobre as Letras Galegas.</li> <li>Exposicións fotográficas de todos os momentos colectivos (entrada).</li> </ul>
PARTICIPANTES	<ul style="list-style-type: none"> <li>Todos os alumnos/as.</li> <li>Todo o profesorado.</li> <li>As familias aportando material para as exposicións.</li> </ul>
TEMPORALIZACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> <li>Ao longo do curso escolar.</li> </ul>
LUGAR	<ul style="list-style-type: none"> <li>Espazo da entrada.</li> <li>Biblioteca.</li> <li>Salón de Usos Múltiples.</li> </ul>
RECURSOS/MATERIAIS	<ul style="list-style-type: none"> <li>Froitos.</li> <li>Papel, cartolinas, etc.</li> <li>Cámara fotográfica.</li> <li>Expositores.</li> </ul>

## 7. SAÍDAS EDUCATIVAS

OBXECTIVOS	<ol style="list-style-type: none"> <li>Formar ao alumnado a través dun programa de actividades complementarias e saídas educativas relacionadas coas materias e contidos que se traballan nas aulas.</li> </ol>
------------	---

	<p>2. Programar actividades que poñan en contacto ao alumno con diversas manifestacións culturais, artísticas, tecnolóxicas e sociais.</p> <p>3. Fomentar o uso da lingua galega nas actividades complementarias e extraescolares (excursións, visitas, saídas, charlas, relacións cos medios de comunicación, etc.) e demais actos que organice o centro.</p>
CONTEXTO	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Incluídas no PAC (Plan Anual de Centro) e nas programacións de nivel.</li> </ul>
PARTICIPANTES	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Todo o alumnado.</li> <li>• Todo o profesorado.</li> </ul>
TEMPORALIZACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Ao longo dos tres trimestres.</li> </ul>
LUGAR	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Localidade.</li> <li>• Fóra da localidade (Santiago, A Coruña, Vigo, Madrid...)</li> </ul>
IMPACTO	<ul style="list-style-type: none"> <li>• En toda a comunidade escolar (participan todos os alumnos/as).</li> </ul>

## 11. PLURILINGÜISMO

### A. PROGRAMAS ESPECÍFICOS DE ATENCIÓN AO ALUMNADO (CON NEAE)

Ao abeiro do recollido no decreto 79/2010, a Administración educativa elaborará e presentará un plan dirixido ao alumnado con necesidades educativas especiais que asegure a súa capacitación lingüística nas linguas oficiais.

As medidas de atención a este alumnado estarán orientadas a responder ás necesidades educativas concretas do alumnado, ao logro dos obxectivos desta etapa educativa e á adquisición das competencias correspondentes, e non poderán, en ningún caso, supoñer unha discriminación que lle impida alcanzar os devanditos obxectivos e competencias, e a titulación correspondente.

Faranse propostas nas diferentes programacións de nivel que contemplan actividades de atención á diversidade e a maiores, ofrecerase, na Proposta didáctica, unha serie de actividades por unidade que procuran facilitar o traballo co alumnado que presenta meirandes dificultades de aprendizaxe, así coma nas adaptacións curriculares que se elaboren para estes alumnos/as.

### B. SECCIÓNS BILINGÜES

A ORDE de 12 de maio de 2011 regula en centros sostidos con fondos públicos as seccións bilingües. En concreto:

No art. 2 define a organización do ensino dunha área ou materia non lingüística que se cursa nun nivel por un grupo de alumnos/as dun xeito bilingüe, na lingua cooficial que corresponda, e nunha lingua estranxeira falada na Unión Europea, que é impartida como área ou materia a ese grupo de alumnado.

No art. 13 establécese que os centros que desexen iniciar a implantación de seccións bilingües deberán facer a correspondente solicitude, e xuntar a seguinte documentación:

Proxecto de participación no plan donde se recollan aspectos como: profesorado e alumnado participante; obxectivos propostos e os contidos; etapas e cursos en que se desenvolverá; áreas, materias ou módulos; estratexias metodolóxicas, pautas para a avaliación do proxecto...

Certificación de aprobación do proxecto polo consello escolar, unha vez oído o claustro.

Compromiso do profesorado implicado de formar parte do proxecto durante como mínimo dous anos.

Relación do profesorado da área, materia ou módulo non lingüístico, xunto coas credenciais de posuír destino definitivo no centro e a titulación que acredite a súa competencia lingüística no nivel requerido (B2).

Certificación da dirección do centro co número de alumnos/as que participarán na sección.

Informe da Inspección educativa.

No curso 2019/20 no CEIP de Figueiroa están implantadas cinco seccións bilingües (3º A/B/C e 5º A/B).

### **C. CENTROS PLURILINGÜES**

Non procede.

## **12. AVALIACIÓN**

O Proxecto lingüístico do centro será remitido cada catro cursos escolares aos servizos de inspección educativa. Anualmente elaborárase unha addenda do proxecto no que figurarán:

a) As modificacións na impartición de materias en linguas estranxeiras aprobadas polo centro e autorizadas pola Consellería de Educación.

b) Información e valoración dos programas e actividades para o fomento e dinamización da lingua galega realizadas polo centro no curso anterior, e información do que se vai a desenvolver no curso seguinte.

Cada curso, o equipo de dinamización da lingua galega elaborará unha memoria que se incluírá na memoria do centro. Ademais do anterior, o equipo de dinamización de lingua galega realizará enquisas entre os distintos estamentos da comunidade educativa para avaliar o uso do galego, e tomar as decisións permanentes sobre as actividades a propoñer á vista dos resultados.

Dna. **MARÍA LOURDES GARCÍA MÉNDEZ**, como secretaria do CEIP FIGUEIROA.

**CERTIFICA** que este Proxecto Lingüístico do Centro recibiu a conformidade do Claustro de mestres/as e a aprobación do Consello Escolar o 3 de decembro do 2019.

A Estrada, a 3 de decembro de 2019

Vº e Pr.

O Director

A Secretaria

ASdo.: José Manuel Reboredo Baños

ASdo.: M<sup>a</sup> Lourdes García Méndez